

**REUNIÓN DA PERMANENTE DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE CO XEFE TERRITORIAL
DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA
CORUÑA O DÍA 18 DE MAIO DE 2016.**

ASISTENTES:

Don Indalecio Cabana Leira, Xefe Territorial de Cultura, Educación e O.U.

Don Fermín Álvarez Lata, Xefe do Servizo Territorial de Inspección Educativa

Don Alfonso Varela Vidal, Presidente da Xunta de Persoal Docente, representante da CIG.

Don Fernando Rei Maio, representante STEG

Dona Divina Núñez López, Secretaria e membro da CIG

Don Manuel Abella Vázquez representante UGT

Dona Rosa María Urbano Rey, representante ANPE

Dona Raquel Parada Serantes, representante CC.OO.

Dona Cristina Rúa Peón, representante CSIF

Dona Lucía Rivera Fraga, actuando de representante da Administración

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede, das acta anteriores

Apróbase a acta de 16 de marzo de 2016 e modifícase e queda pendente de sinatura a acta do día 13 de abril de 2016.

2.- Información sobre o acordo acadado co profesorado do IES da Universidade Laboral de Culleredo.

A Xefatura territorial informa de que o profesorado solicitaba que, antes de que o novo IES chegase a impartir o bacharelato, se sacaran as súas prazas para poder optar a unha re-adscrición nos centros de Culleredo. Informóuselles de que se tentaría facer así.

Só afectaría ao profesorado do IES Universidade Laboral, que podería optar ao novo IES e ao IES Eduardo Blanco Amor.

A Xunta de persoal manifestamos que tódolos centros de Culleredo deben participar na re-adscrición e que é necesario un mapa educativo para a zona.

A Xefatura territorial pon de manifesto que hai que esperar ese momento e ver as necesidades reais e que dende a Dirección Xeral teñen clara a forma de actuar.

3.- Calendario de negociación das vacantes da adxudicación de destinos provisionais para o curso 2016/17.

A Xefatura Territorial informa que ata que se publique a orde non é posible facilitalo.

A Xunta de persoal pedimos que se dea un calendario e as vacantes con tempo suficiente; como mínimo unha semana. A Xefatura territorial comprometeuse a facilitalo coa antelación solicitada.

4.- Relación do profesorado con destino provisional das especialidades de PT e AL ao que se lle ofertou seguir no mesmo centro para o próximo curso.

O Xefe territorial informa que o profesorado que está nesa situación son 2 AL e 13 PT neste momento. Pode darse algunha variación.

A Xunta de persoal defendemos que estes postos deben saír nun concurso específico e solicitan ter acceso á relación deste profesorado por razón de transparencia.

O Xefe territorial manifesta que son datos que non se poden facilitar dende a xefatura.

5.- Demanda de ampliación do CMUS de Santiago de Compostela.

O Xefe territorial informa de que non hai ningunha solicitude oficial de ampliación do CMUS. Informa de que se vai levar a cabo o acondicionamento acústico este ano e que xa está presupostado. O centro solicitou que a vivenda do conserxe pase a ser para usos educativos no momento en que quede valeira e é algo que se fará tan pronto como quede libre.

A Xunta de persoal manifestamos que xa se falou da ampliación en varias reunións e que houbo un equipo directivo que dimitiu por este tema.

Informa, tamén, de que a necesidade maior de espazo se produce nos horarios de tarde e que a aula de orquestra e percusión non reúnen os parámetros estipulados pola normativa. Está feita para 30 alumnos e estanse metendo entre 35 e 45 alumnos.

A solución que consideran axeitada sería xuntar as aulas de orquestra e percusión que están pegadas e pasar a de percusión á que agora é vivenda do conserxe.

Informan tamén da demanda de implantación de acordeón e órgano, que non suporían aumento de profesorado.

6.- Información por centros da asistencia á proba de diagnóstico de 6º de EP na provincia da Coruña.

O xefe territorial informa que dende a xefatura cada inspector enviou os datos dos seus centros á Consellería a Santiago e que é dende alí onde se emiten os datos.

7.- Rogos e Preguntas

a) A Xunta de persoal pregunta sobre a organización de Primaria e de que o ano pasado se publicou mediante unha disposición na Orde de aplicación do Calendario Escolar e quere saber se este ano se vai regular cunha normativa específica.

A Xefatura territorial informa de que se vai publicar a Orde de avaliación que regula primaria.

A Xunta de persoal queremos que conste na acta a non regulación da secundaria e piden que se

envíen aos centros instrucións no relativo ás equivalencias entre a FP Básica e a ESO.

A Xefatura territorial confirma que esas instrucións se van mandar aos centros dende a Consellería.

b) A Xunta de persoal pregunta sobre expedientes disciplinarios abertos.

A Xefatura territorial informa da incoación de expediente disciplinario a José Antonio Pena Herva, funcionario con destino no CEIP de Castiñeiras e a Delfina Gómez Vázquez, con destino no IES Eusebio da Guarda de A Coruña.

c) Queda fixada a próxima Xunta de persoal docente para o vindeiro 6 de xullo de 2016.

A Xunta de Persoal

A Coruña, 18 de maio de 2016